



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Videoxogos e realidade virtual

|                       |  |        |       |              |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia               | Videoxogos e realidade virtual   |        |       |              |
| Código                | V05G301V01417  |        |       |              |
| Titulación            | Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación   |        |       |              |
| Descritores           | Creditos ECTS  | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
|                       | 6  | OP     | 4     | 1c           |
| Lingua de impartición | #EnglishFriendly<br>Castelán<br>Galego   |        |       |              |
| Departamento          | Teoría do sinal e comunicacións  |        |       |              |
| Coordinador/a         | Pena Giménez, Antonio  |        |       |              |
| Profesorado           | Pena Giménez, Antonio  |        |       |              |
| Correo-e              | apena@gts.uvigo.es   |        |       |              |
| Web                   | <a href="http://moovi.uvigo.gal">http://moovi.uvigo.gal</a>  |        |       |              |
| Descrición xeral      | <p>Trátanse temas relacionados coas Contornas Virtuais (videoxogos, realidade aumentada, realidade virtual) e trabállase dentro dun grupo multidisciplinario, con estudantado doutras titulacións, na elaboración dun videoxogo.</p> <p>O motor de desenvolvemento é Unity e a programación realízase en C#.</p> <p>Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado:</p> <p>a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés,</p> <p>b) atender as titorías en inglés,</p> <p>c) probas e avaliacións en inglés.</p> |        |       |              |

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

| Código |   |
|--------|---|
| B3     | CG3 Coñecemento de materias básicas e tecnoloxías que capaciten o alumnado para a aprendizaxe de novos métodos e tecnoloxías, así como para dotalo dunha gran versatilidade para adaptarse a novas situacións.  |
| B9     | CG9 Capacidade para traballar nun grupo multidisciplinar e nunha contorna multilingüe e de comunicar, tanto por escrito como de forma oral, coñecementos, procedementos, resultados e ideas relacionadas coas telecomunicacións e a electrónica.  |
| B12    | CG12 Desenvolvemento da capacidade de discusión sobre cuestións técnicas.   |
| C74    | (CE74/OP17) Capacidade para construír, explotar e xestionar sistemas de xeración de imaxe e vídeo sintético e aplicacións multimedia interactivas.  |
| D3     | CT3 Tomar conciencia da necesidade dunha formación e mellora continua de calidade, amosando unha actitude flexible, aberta e ética ante opinión discriminación por sexo, raza ou relixión, respecto os dereitos fundamentais, accesibilidade, etc.  |
| D4     | CT4 Favorecer o traballo cooperativo, as capacidades de comunicación, organización, planificación e aceptación de responsabilidades nun ambiente de traballo multilingüe e multidisciplinar, que favoreza a educación para a igualdade, para a paz e para o respecto dos dereitos fundamentais. |

## Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia  | Resultados de Formación e Aprendizaxe |     |    |
|--|---------------------------------------|-----|----|
| Entender e aplicar o pipeline de produción do código dun videoxogo, como exemplo de contorna virtual complexa. | B3<br>B12                             | C74 | D3 |
| Saber como optimizar o rendemento dos motores gráficos en contornas virtuais.                                  | B3                                    | C74 | D3 |
| Entender e aplicar as ferramentas matemáticas necesarias en contornas virtuais tridimensionais.                | B12                                   |     |    |
| Comprender os aspectos clave á hora de deseñar aplicacións de Realidade Aumentada.                             | B3                                    | C74 | D3 |
| Comprender os aspectos clave á hora de deseñar aplicacións de Realidade Virtual.                               | B9                                    |     | D4 |

## Contidos

| Tema                                   |  |
|--|--|
| Síntese de imaxe por ordenador         | Descrición da filosofía da electrónica asociada ás tarxetas de procesamento gráfico nos computadores.  |
| Audio 3D                               | Programación da sonorización de escenas nunha contorna virtual tridimensional. Mestura de distintas fontes de son (ambiente, diálogos, efectos, ...).  |
| Realidade Virtual, Realidade aumentada | Descrición da matemática subxacente á creación dunha Contorna Virtual. Descrición e problemática de aplicacións de realidade virtual e realidade aumentada.                                      |
| Videoxogos                             | Multidisciplinabilidade na construción dun videoxogo. Nocións de deseño de videoxogos. Pipeline no desenvolvemento dun videoxogo. Manexo e programación dun motor de contornas virtuais (Unity). |

### Planificación

|   | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Aprendizaxe baseado en proxectos        | 7             | 59.5               | 66.5         |
| Prácticas con apoio das TIC             | 16            | 8.5                | 24.5         |
| Lección maxistral                       | 17            | 26                 | 43           |
| Flipped Learning                        | 0             | 14                 | 14           |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 2             | 0                  | 2            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

|                                  | Descrición  |
|----------------------------------|---|
| Aprendizaxe baseado en proxectos | Traballo colaborativo nun grupo reducido multidisciplinario, con estudantes doutros Graos da Universidade de Vigo, para a elaboración dun videoxogo, seguindo o proceso de produción profesional da industria relacionada, desde un concepto inicial ata un produto final. Faise un seguimento periódico do traballo e requírese o traballo en grupo, repartición de roles, posta en común, planificación, elaboración de memorias técnicas e defensa pública de resultados. Con esta metodoloxía trabállanse as competencias CG3, CG9, CE74, CT3, CT4. |
| Prácticas con apoio das TIC      | Manexo e axuste do motor dunha Contorna Virtual. Programación de compoñentes nos obxectos virtuais. Con esta metodoloxía trabállanse as competencias CG3, CG12, CE74, CT3.  |
| Lección maxistral                | Exposición por parte do profesor dos contidos da materia, fomentando a discusión crítica dos conceptos. Sentan as bases teóricas de algoritmos e procedementos usados para resolver problemas. Con esta metodoloxía trabállanse as competencias CG3, CG12, CE74, CT3.   |
| Flipped Learning                 | Proporcionase material escrito e/ou audiovisual para estudar e preparar un test online. Esta actividade é previa á sesión maxistral ou clase de laboratorio onde se resolverán dúbidas e exponerse retos. Con esta metodoloxía trabállanse as competencias CG3, CE74.   |

### Atención personalizada

| Metodoloxías                     | Descrición  |
|----------------------------------|---|
| Lección maxistral                | Poderanse solucionar dúbidas sobre as sesións maxistrals e as prácticas en aulas de informática durante as titorías do profesorado. Estas titorías realizaranse: -> Individualmente ou en grupos reducidos (tipicamente cun máximo de 2-3 persoas). -> Salvo que se indique o contrario, previa cita co profesor correspondente. A cita solicitarase e acordará por correo electrónico, preferentemente nos horarios e lugar reservados oficialmente. Contacto: <a href="https://moovi.uvigo.gal/user/profile.php?id=11310">https://moovi.uvigo.gal/user/profile.php?id=11310</a> |
| Prácticas con apoio das TIC      | Poderanse solucionar dúbidas sobre as sesións maxistrals e as prácticas en aulas de informática durante as titorías do profesorado. Estas titorías realizaranse: -> Individualmente ou en grupos reducidos (tipicamente cun máximo de 2-3 persoas). -> Salvo que se indique o contrario, previa cita co profesor correspondente. A cita solicitarase e acordará por correo electrónico, preferentemente nos horarios e lugar reservados oficialmente. Contacto: <a href="https://moovi.uvigo.gal/user/profile.php?id=11310">https://moovi.uvigo.gal/user/profile.php?id=11310</a> |
| Aprendizaxe baseado en proxectos | Nas reunións periódicas dos proxectos en equipo realizarase un seguimento personalizado do traballo. En caso de consideralo oportuno o profesor poderá establecer mecanismos complementarios de control tales como, por exemplo, a autovaloración do traballo realizado e a valoración do traballo de cada membro do grupo por parte dos seus compañeiros.  |

### Avaliación

|  | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|--|------------|---------------|---------------------------------------|
|  |            |               |                                       |

|   |  |    |           |     |          |
|---|--|----|-----------|-----|----------|
| Aprendizaxe baseado en proxectos        | Valoración por separado de diversos aspectos dun proxecto realizado en grupo ao longo do cuadrimestre, incluíndo elaboración dunha memoria e presentación pública. | 50 | B3<br>B9  | C74 | D3<br>D4 |
| Prácticas con apoio das TIC             | Valoración do traballo na aula informática.  | 15 | B3<br>B12 | C74 | D3       |
| Flipped Learning                        | Test online de corrección automática.  | 10 | B3        | C74 |          |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Exame escrito de avaliación, con preguntas breves e problemas.   | 25 | B3<br>B12 | C74 | D3       |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

### AVALIACIÓN CONTINUA

A avaliación continua consta das probas que se detallan a continuación nesta guía. Enténdese que se opta pola avaliación continua unha vez se firme o documento de compromiso que se ofrecerá despois da semana 4. Unha vez asinado, entenderase que se presentou á convocatoria e asignaráselle a cualificación que resulte da aplicación do criterio que se detalla a continuación.

### CONDICIÓN PARA APROBAR A MATERIA

Co obxecto de garantir que se adquira un mínimo, máis ou menos equilibrado, das competencias da materia, para aprobar será necesario cumprir estas dúas condicións:

- 1) obter unha nota global igual ou superior a un 5 (nunha escala de 0 a 10)
- 2) obter unha nota igual ou superior a un 4 (nunha escala de 0 a 10), tanto na proba de resposta curta coma no proxecto en grupo.

No caso de non cumprir todas as condicións, a nota final (nunha escala de 0 a 10) será o mínimo entre a nota global obtida e o valor 4,9.

### AVALIACIÓN GLOBAL

Si non se asina o documento de compromiso enténdese que a avaliación será a través dun único exame final na data oficial asignada polo Centro.

Co obxecto de garantir que se adquira un mínimo, máis ou menos equilibrado, das competencias da materia, para aprobar será necesario cumprir estas dúas condicións:

- 1) obter unha nota global igual ou superior a un 5 (nunha escala de 0 a 10)
- 2) obter unha nota igual ou superior a un 4 (nunha escala de 0 a 10), en cada unha das distintas seccións nas que se divide o exame. As seccións correspóndense, respectivamente, con:

\* os contidos tratados en todas as actividades

\* o proxecto realizado en grupo, incluíndo aspectos de funcionamento interno, organización, elaboración de memorias técnicas e presentación oral.

No caso de non cumprir todas as condicións, a nota final (nunha escala de 0 a 10) será o mínimo entre a nota global obtida e o valor 4,9.

### Oportunidade extraordinaria:

Se o sistema foi por Avaliación Contínua pode optar entre dúas posibilidades o mesmo día do exame:

\* Realizar de novo a Proba de resposta curta na data oficial asignada polo Centro e ser avaliado segundo o estipulado para o sistema de *Avaliación Contínua*.

\* Ser avaliado cun único exame final na data oficial asignada polo Centro, segundo o estipulado para o sistema de *Avaliación Global*. Non se valora ningunha outra actividade realizada.

Se o sistema NON foi por Avaliación Contínua:

\* Será avaliado cun único exame final na data oficial asignada polo Centro, segundo o estipulado para o sistema de *Avaliación Global*. Non se valora ningunha outra actividade realizada.

En caso de detección de plaxio en calquera das probas ou traballos, a cualificación final será de SUSPENSO (0) e o feito será comunicado á dirección do Centro para os efectos oportunos.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Jeremy Gibson, **Introduction to Game Design, Prototyping, and Development (Game Design and Development)**, Ed. 1, Addison Wesley, 2014

Fletcher Dunn, Ian Parberry, **3D Math Primer for Graphics and Game Development**, Ed. 2, A K Peters/CRC Press, 2011

Unity, **Unity web: API description, tutorials and more.** (<https://unity3d.com>),

### **Bibliografía Complementaria**

Jason Gregory (Editor), **Game Engine Architecture**, Ed. 2, A K Peters/CRC Press, 2014

Durant R. Begault, **3-D sound for virtual reality and multimedia**

(<https://ntrs.nasa.gov/archive/nasa/casi.ntrs.nasa.gov/20010044352.pdf>), Ed. 1, 1994

Eric Lengyel, **Mathematics for 3D Game Programming and Computer Graphics**, Ed. 2, Course Technology, 2011

Guy Somberg, **Game Audio Programming: Principles and Practices**, Ed. 1, CRC Press, 2016

Steven M. LaValle, **Virtual Reality** (<http://vr.cs.uiuc.edu/vrbook4.pdf>), Ed. 1, University of Illinois, 2017

Robert Nystrom, **Game Programming Patterns** (<http://gameprogrammingpatterns.com/contents.html>), Ed. 1, 2014

Dieter Schmalstieg, Tobias Hollerer, **Augmented Reality: Principles and Practice (Usability)**, Ed. 1, Addison-Wesley Professional, 2016

---

## **Recomendacións**

### **Materias que continúan o temario**

Traballo de Fin de Grao/V05G301V01991

### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Produción audiovisual CGI/V05G301V01420

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Sistemas de audio interactivo/V05G301V01331

## **Outros comentarios**

Haberá sesións virtuais de traballo en grupo durante as mañás dos Mércores e dúas reunións presenciais, unha no Campus de Vigo e outra no Campus de Pontevedra. A Universidade proporcionará transporte gratuíto de ida e volta desde a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación ou a Facultade de Ciencias Sociais e a Comunicación, respectivamente.

Os grupos multidisciplinares estarán formados por alumnos das tres materias seguintes: (1)Videoxogos: Deseño e desenvolvemento, 4º curso, Grao en Comunicación Audiovisual. (2)Videoxogos e realidade virtual, 4º curso, Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, módulo de Son e Imaxe. (3)Programación de sistemas intelixentes, 4º curso, Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, módulo de Telemática. A actividade está coordinada por profesores do Grupo de Innovación Docente: ComTecArt (Comunicación, Tecnoloxía e Arte en Contornas Virtuais).

Na realización das actividades académicas desta materia permítese o uso de intelixencia artificial xenerativa (IAX). O seu uso debe realizarse de forma ética, crítica e responsable. No caso de utilizar IAX, debe avaliarse de forma crítica calquera resultado que proporcione, e verificar de forma coidadosa calquera cita ou referencia xerada. Así mesmo, recoméndase declarar o uso das ferramentas utilizadas.